

## Campaña de Rebaixas: *O galego vende*

Como xa vén sendo tradicional, cando o comercio da nosa zona afronta os períodos de rebaixas, A Mesa de Vigo inicia a súa andaina polas nosas ruas para lembrar-lles aos distintos establecementos que Vigo é unha cidade galega e, como tal, é partícipe patrimonial do idioma galego. Ou sexa, que as "Rebajas" teñen un fermoso, xenuino e impactante equivalente galego: as "rebaixas".

Este ano a campaña realizou-se coa colaboración do Concello de Vigo e, ademais de repartir miles de cartaces co lema das "rebaixas" en tres modelos distintos, distribuimos un tríptico no que, de xeito resumido, expuñan-se os resultados dun estudo realizado por Gabriel Rei Doval e Fernando Fdez. Ramallo e editado polo Consello da Cultura Galega en dous volumes distintos: *Publicidade e lingua galega* e *Vender en galego*. Neste estudo fai-se unha análise das actitudes das galegas e galegos ante o uso do noso idioma na comunicación publicitaria e nas relacións comerciais e demostra-se de xeito incontestábel que a cidadanía galega non só aprécia a utilización da nosa lingua no mundo comercial senón que demanda unha maior presenza neste ámbito.

Por exemplo, ante a pregunta "Que lle parece o uso do galego na publicidade?", o 83,9% responde que ben ou moi ben, mentres que só un 3,8% responde a esta cuestión de xeito negativo.

Coa información recollida neste folleto, baixo o lema xeral de "O galego vende", pretendiamos ampliar a nosa campaña de rebaixas tentando rebater os principais prexuízos que existen entre os comerciantes e que son os que inflúen en predispoñer neles actitudes contrárias ou pouco decididas á incorporación do noso idioma nas súas actividades.

O reparto de cartaces de trípticos foi un traballo ambicioso para a infantaría de que dispón A Mesa en Vigo, mais ao remate da campaña, puidemos ollar con satisfacción a presenza dos nosos cartaces nunha grande cantidade de escaparates da nosa cidade. Esa presenza foi moito maior nos bairros que no centro, mais é de xustiza recoñecer que a receptividade e a

resposta do comercio na zona VIP foi, en xeral, magnífica. Moitos vidros ficaron galeguizados durante os máis de dous meses que durou a campaña de rebaixas. E isto é moi alentador para vindeiras propostas que A Mesa vai trasladar aos comerciantes para ir conseguindo a normalidade do uso do galego nas súas campañas, rotulación, atención aos consumidores, ... En definitiva para que o galego sexa asumido de xeito natural polo mundo do comercio na cidade de Vigo.

### Convénio co Concello e os comerciantes

A MESA acaba de asinar un convénio co Concello de Vigo e a Asociación de Comerciantes para fomentar o uso do galego nas actividades comerciais e publicitarias no concello vigués, ao tempo que se establece un marco para posteriores actuacións que se realicen neste eido de cara a conseguir a progresiva incorporación do galego no mundo do comercio.

Por este convénio, a Asociación de Comerciantes compromete-se a utilizar o galego en todas as súas actuacións, moi especialmente nas campañas de promoción do comercio vigués (Nadal, rebaixas de inverno e de

verán, entroido, semana santa, etc.), a rotular en galego as súas instalacións e produtos e a promover a realización de cursos de galego dirixidos ás persoas que traballan neste sector. Ademais, desenvolverá unha campaña de sensibilización, dirixida aos consumidores e aos comerciantes, deseñada pola Mesa, para fomentar as actitudes positivas e unha maior demanda de presenza do noso idioma neste ámbito.

verán, entroido, semana santa, etc.), a rotular en galego as súas instalacións e produtos e a promover a realización de cursos de galego dirixidos ás persoas que traballan neste sector. Ademais, desenvolverá unha campaña de sensibilización, dirixida aos consumidores e aos comerciantes, deseñada pola Mesa, para fomentar as actitudes positivas e unha maior demanda de presenza do noso idioma neste ámbito.

### Campaña de Rebaixas tamén en Cangas

Tamén o Concello de Cangas se sumou este ano na nosa zona á campaña de rebaixas desenvolvida pola Mesa. Así, tamén os comerciantes deste concello do Morrazo recibiron este ano a visita da Mesa para distribuír-lles os cartaces de rebaixas e lograr deste xeito unha presenza maior do galego nos dous meses que durou a campaña en todos os escaparates da vila.



## Salto lingüístico

Está preparada a mente, foron comprobadas a resistencia e a aptitude do corpo, xa revisei por enésima vez que a preparación fose mais ou menos axeitada... Todo está listo. Xa estou preparado para saltar. Estou absolutamente convencido, é moi sinxelo. Ademais, hai moito tempo que decidin facé-lo e non vou botar-me atrás no último momento.

Achego-me ao lugar elixido e miro cara a adiante... Cago en...! Tremem-me as pernas e unha vaga de vertixe sobe-me ate a caluga. Non sei como (tal vez alguén me axudou), pero estou xusto no límite do salto irremediábel, no punto onde xa case non hai volta atrás. Ao abrir ben os ollos vexo o infinito mundo descoñecido que se estende ante min. Mi madriña! Que carallo fago eu aquí? Veña, acouga, non pasa nada; moitos o están a facer todos os días e din que é estupendo. Con to tres e salto: unha, duas, ... tres! Merda! pero é que o meu corpo non obedece á miña mente, como se non fose meu.

Ben, vexamos: levo xa ben tempo preparando este salto, asegurei-me mil e unha veces de que non hai perigo nengun. Quero facé-lo, preciso facé-lo para sentir-me a gusto comigo mesmo, agora ou nunca... Nada, non son capaz de dar o paso final.

Pensemou noutra cousa, relaxemou-nos: cantos nomes que comecen por "x" coñezo? Xosé, Xacobe, Xasmin, Xabier, Xoán, Xilb...

Durante o breve intre que durou o salto desapareceu o mundo, só estaba eu coa miña orxia de adrenalina, coa miña sobredose de sensacións, coa meus sentidos pechados ao resto do universo. Xa está! Non hai volta atrás!

Rematou e xa nada volverá ser igual. Saltei! E o mundo non caeu esnaquizado. Coido que xa me parezo un pouco máis a como realmente quero ser. Seica semella que son... máis feliz?

Sei que ti tamén queres saltar, que sodes moitos os que estades mirando cara ao abismo e non vos sentides con forza para o facer. A vós, que só vos falta un empurronciño para saltar, vai dirixida esta carta: **SALTADE COMIGO!! UNIDE-VOS A NOS!**

Este foi o meu salto. Quen queira entender que entenda.

Marcos Ferreira Amoedo  
Sócio nº 3.139

**COPYPLAN®**

*a copisteria profesional*

Rúa Zamora, 62 baixo • 36203 VIGO  
Tif./Fax: 986 41 41 49  
email: copylan@ctv.es

## En poucas liñas...

A MESA mantivo unha entrevista co reitor da Universidade de Vigo para coñecer os proxectos de normalización lingüística da nova equipa reitoral e para presentar-lle unha proposta de iniciativas e liñas de actuación destinadas a garantir o avance real do uso do galego dentro da Universidade, tanto no ámbito administrativo como no docente e investigador, e a favorecer o papel dinamizador externo que a Universidade debe ter de cara á sociedade. Aspectos como a ampliación e dinamización do servizo de normalización lingüística, a elaboración dun regulamento interno do uso do galego, a organización de cursos específicos por titulacións ou áreas, a posta en marcha de proxectos de coordinación coas outras universidades, a elaboración de vocabularios e traducións de textos especializados, o desenvolvemento de campañas de sensibilización tanto internas como externas, a convocatória de axudas a proxectos de investigación en galego, etc. Logo dun tempo prudencial para o seu estudo, estamos xa retomando os contactos para ir centrando a atención en cousas concretas e en prazos concretos.

Mantivemos tamén unha entrevista co vice-presidente do Real Clube Celta para presentar-lles unha táboa de reivindicacións e propostas, co obxectivo de que se garanta a presenza do galego nas distintas actividades que realiza o clube de fútbol (publicidade, rotulación e magafonia, publicacións, intervencións públicas, etc.) Tentaremos agora dinamizar a demanda social a través das peñas e da propia cidadanía, para que se deixe ouvir a petición de maior presenza do galego, algo necesario para que, como noutras ocasións, as cousas se movan.

Co obxectivo de estudar e poñer en práctica un programa de iniciativas para podermos dispor en Vigo de escolas infantís en galego, están-se a realizar na nosa zona unha serie de reunións ás que asistiron, ademais de representantes da nosa organización, pais e nais que se atopan nestes momentos co grave problema de non dispor dun centro onde se garanta o respecto á lingua dos seus fillos e fillas, así como outras persoas interesadas nesta situación. Tentamos ter algunha proposta concreta para o curso que vén e precisamos do apoio de todas e todos os que tedes fillos nesa idade. Así que, se estades nesta situación ou tedes interese en participar neste grupo de traballo, convidamos-vos a poñer-vos en contacto connosco.

## Estudo sociolingüístico en Vigo

O Concello de Vigo acaba de realizar e editar, coa colaboración da Universidade de Vigo, un Estudo sociolingüístico sobre a situación da nosa lingua no concello vigués. Baixo o título de *Estudio sociolingüístico sobre a situación da lingua galega no Concello de Vigo*, presenta toda unha serie de datos e estadísticas que fan un repaso da saúde do galego na nosa cidade en cinco grandes apartados: lingua inicial, competencia lingüística, lingua habitual, frecuencia de uso e opinión e actitudes.

Son moitas as conclusións que se tiran neste traballo e moitos os datos. Por exemplo, dí-nos que o 48,3% das viguesas e vigueses aprendeu a falar en español, fronte ao 18,4% que o fixo en galego e ao 32,2% que o fixo nos dous idiomas. Di que o 66% dos vigueses non teñen nengunha dificultade para ler en galego, un dado sobre o que ben poderían reflexionar os responsábeis, por exemplo, do *Faro de Vigo*.

# Vaia peixe hai na lonxa



## A nova lonxa de Vigo, en español

Dentro das obras que se veñen desenvolvendo no Porto de Vigo dende hai tempo, na fachada exterior do novo edificio da lonxa instaláronse unhas letras de enormes dimensións que compoñen a lenda: PUERTO DE VIGO. LONJA DE ALTURA. A Mesa pola Normalización Lingüística dirixiu-se ao presidente da Autoridade Portuária de Vigo, Juan Corral, para denunciar o feito sorprendente e lamentábel de que non se fixese en galego a rotulación exterior da nova lonxa do Berbés. Sabendo que se vai proceder proximamente á inauguración oficial destas novas instalacións, dende A Mesa demandamos da Autoridade Portuária que se corrixisse antes da inauguración a rotulación exterior do edificio para recoller a inscrición no noso idioma e que se recuperase na denominación oficial o nome tradicional e lexítimo do bairro onde está ubicada a lonxa viguesa: PORTO DE VIGO. LONXA DE ALTURA DO BERBÉS.

## A exclusión do galego, práctica habitual

A exclusión do noso idioma de todos os escritos que emanan da Autoridade Portuária que preside Juan Corral é práctica habitual; de feito, o uso do galego nos anuncios, convocatorias de concesións, avisos, publicidade, etc. é nulo, o que supón un comportamento lingüístico moi afastado do compro-


miso na promoción do uso do galego que por Lei e por dignidade lles corresponde aos poderes públicos.

Polo seu enorme impacto cara ao exterior e pola significación identificadora que ten, esa exclusión do uso do galego resulta especialmente criticábel no rótulo da nova lonxa, sobre todo se temos en conta que se trata dunha obra nova que, nos tempos que corren, debería facer-se dende unha actitude máis sensíbel e respetosa co idioma do noso país.

## Sen resposta

A pesar do noso escrito e da nosa insistencia en tentar forzar a resposta de Juan Corral, non obtivemos nengun tipo de contestación, polo que puxemos en marcha novas iniciativas reivindicativas: a ubicación dunha pancarta no exterior da lonxa demandando a súa rotulación en galego e a edición dunha tarxeta postal para distribuír masivamente na cidade co obxectivo de que sexa a xente a que se dirixa a el para esixir o respecto que o noso idioma merece. Esperamos que, con estas iniciativas de demanda, o Presidente da Autoridade Portuária, organismo público, e candidato polo Partido Popular ás próximas eleccións municipais, saberá entender a importancia da nosa reivindicación e a súa responsabilidade na recuperación do noso idioma nese ámbito. Porque, vaia peixe hai na lonxa de Vigo...


*tamarindo*




**ZUMOS-BOCATAS**

Rua Roupeiro, baixo 7  
VIGO

*Zumos naturais  
e batidos de  
froitás  
tropicais-  
Arepas  
Hamburguesas  
caseiras e  
vexetais  
-Bocatas e  
Sandwiches*



Librería especializada  
en Muller, Cultura galega,  
Literatura, Economía e  
sociedade alternativas.  
Papelería ecolóxica.



**A CAIXA  
de PANDORA**  
LIBRERÍA • PAPELERÍA

R./ Triunfo, 1 • 36202 VIGO • Tel. e Fax: 986 43 37 68

# Rock en galego, forza vital!

Durante ben tempo funcionou como axioma un tóxico escuro que dicía que o galego non valía para o rock&roll. O galego estaba ben para o folk e a música tradicional, pero que había xéneros nos que nunca podería entrar. Mesmo algún crítico "repunante" explicaba con moita gravidade técnica que o rock tiña que ser cantado en inglés, que había dificultades para cantalo en castelán, e era radicalmente imposible facelo en galego por dificultades métricas e fonéticas desta lingua.

Nos nosos días, cando eclosionan 15.000 grupos de rock, raggamuffi, ska, bravú ou reggee en galego, a aseveración soa ben estraña e, sen embargo, funcionaba no común hai menos de 10 anos. A lección é clara: cun chisco de esforzo podemos derrubar moitos tópicos escuros sobre nós e a nosa lingua.

Vivimos nun curioso paradoxo. A identidade de Galiza esférase nun terrible proceso de aculturización. E, ao tempo, neste período da nosa historia, cando se nos conceden uns mínimos elementos de desenvolvemento, a creatividade enxebre estoupa dun xeito sorprendente.

Nos anos 80 Os Resentidos comezaron a facer rock en galego con toda a normalidade e o tóxico escuro tronzou de vez. Outros conxuntos seguimos o rego nas cidades e, sobre todo, nas aldeas ou dentro diso que chaman o ámbito semirural. Produciuse un importante cambio sociolóxico. Por primeira vez os rapaces da aldea tiveron acceso ás guitarras eléctricas (antes, como moito, podían tocar a bandurria na parroquia), e os grupos roqueiros enxebres agromaron como cogumelos.

Fáltanos perspectiva porque, literalmente, entre todos estamos a escribir día a día esta historia. No ano 94 un lote de grupos reunímonos en Chantada. Todos coñeciamos a Mano Negra de París, pero, por exemplo, os Skornabois de Lourenzá non sabían dos Rastreros de Chantada. A vehemencia do encontro, a comunicación pangalaica dende abaixo, propiciou o nacemento dunha nova etiqueta: o bravú.

Existe unha proverbial inadecuación entre a descrición que os medios de comunicación fan do noso país, fundamentalmente en castelán, cunha visión provinciana sempre á espreita do que nos vén dende fóra, e as formas da cultura popular, enxebres e vitais, que normalmente quedan á marxe deses medios. Cando os artistas galegos teñen acceso ás novas tecnoloxías, por exemplo cando os rapaces de aldea comezaron a mercar guitarras eléctricas a principios dos 80, xorden formas enxebres subversivas capaces de alterar esta imaxe deformada.

Unha tarde en Herbón, Pinto, regueifeiro bravú, fixo festa enriba do remolque dun tractor con Manu Chao, compoñente de Mano Negra. Cando baixou do remolque, Manu comentounos: "Co meu grupo percorrimos os EEUU como teloneiros de Iggy Pop, despois gravamos un CD ao vivo no Xapón. A música que se escoita nas dúas partes do planeta é a mesma. Un mundo demasiado aburrido; aquí, en Galicia tedes vida."

Abofé hai vida de abondo, mesmo para superar etiquetas importadas como rock e folk, e ser quen de inventar os nosos propios arquetipos. Unha nova música enxebre, co descaro do rock e o virtuosismo do folk. Exemplos xa temos, dende Atalora de Buño, ao "rock irmandiño" de Xenreira da Estrada.

Temos o fundamental, identidade e creatividade. As novidades tecnolóxicas dos novos tempos han ser instrumento para potenciar eses argumentos. O conto velaí está. Agora só cómpre atreverse a ser protagonistas do noso destino.

Saúde e arrotada!!

Xurxo Souto



**HOSPITAL VETERINARIO  
GALLAECIA**




ATENCIÓN VETERINARIA  
COMPLETA

*Melloramos a calidade de vida dos animais*

Rúa Barcelona, 29  
36203 VIGO

Teléf.: 986 41 15 15  
Móvil: 929 82 77 18



Rua Cervantes, 5 baixo  
VIGO